

[vén da pantalla anterior]

Para desenvolver a súa proposta, Maruxa Salas optou por unha metodoloxía de creación aberta e participativa na que a música composta por Berrogüetto, o espazo escénico e a iluminación de Baltasar Patiño, o vestuario de Ruth Díaz e as pezas audiovisuais de Adriana Domínguez xogaron un papel activo no proceso de composición da peza final, cunha duración total duns 60 minutos.

Salas conta, así mesmo, co apoio de Erick Patrith Jiménez, como asistente de dirección e coreografía, e de Igor Goyena, como asistente e repetidor, no seu traballo cos 15 bailaríns e bailarinas que foron seleccionados para participar nesta produción a través dunha audición pública: María Pilar Abaurrea, Pablo Aradillas, Lorena Ballesteros, Elena Conesa, Alexis Fernández «Maca», Carmela García, Miguel Ángel Llorenç, Kirenía Martínez, Cristina Miralles, Gustavo Muñiz, Amparo Novas, Matilde Pedreira, Ana Beatriz Pérez, Caterina Varela e Iván Villar.

Traxectoria

Directora do proxecto Neodans, Maruxa Salas (Ourense, 1976) ten recibido numerosos recoñecementos durante a súa traxectoria artística, como o Premio Especial Teatro de Madrid e o primeiro premio no Certamen Jóvenes Creadores por *Per Loca Marítima* (2001), unha das súas primeiras creacións. En 2003, gañou o II Certame Internacional de Coreografía Burgos-New York con *Minube*, e con *Didenoi* (2004) acadou o segundo posto neste mesmo concurso, así como o terceiro premio e o galardón



á bailarina máis destacada no III Certame de Creación Coreográfica de Galicia convocado polo IGAEM, e unha mención especial no Concurso Iberoamericano de Coreografía (CIC 04) da SGAE. Esta última peza forma parte, ademais, do repertorio do Ballet Nacional de Cuba, onde Salas perfeccionou a súa formación e traballou tamén como coreógrafa convidada.

Trala estrea no Rosalía, o Centro Coreográfico Galego emprenderá unha xira de tres meses durante a que *Vacuo* se exhibirá inicialmente noutras oito localidades galegas: Compostela (Salón Teatro, do 11 ao 14 de xaneiro), Vigo (Centro Cultural Caixanova, 20 de xaneiro), Narón (Auditorio Municipal, 2 de febreiro), O Barco (Teatro Municipal Lauro Olmo, 23 de febreiro), Tui (Teatro Municipal Área Panorámica, 2 de marzo), Ribadeo (Auditorio Municipal Hernán Naval, 11 de marzo), Cangas (Auditorio Municipal, 17 de marzo), Ourense (Teatro Principal, 31 de marzo e 1 de abril).

Con sede na cidade da Coruña, o CCG vén de iniciar a súa andaina como espazo de encontro dos artistas e destes co público co fin de mellorar as condicións dos profesionais do sector, atendendo ás súas demandas e ofrecéndolles novas oportunidades de difusión da súa arte, ao tempo que busca unha maior proxección social da danza.

Neste sentido, o Centro apoiará a creación artística a través dunha produción propia por temporada –cun corpo de baile seleccionado para a ocasión e baixo a dirección dun coreógrafo convidado, que se encargará de definir o perfil do equipo artístico que precisa– e de coproducións con compañías privadas –este ano, con ExperimentaDanza e Pisando Ovos–. Promoverá, ademais, a investigación mediante a convocatoria de residencias artísticas e axudas económicas; e organizará accións formativas dirixidas aos profesionais e aos cidadáns, entre outras iniciativas ■



RUBÉN GARCÍA DIRIXIRÁ A FEIRA DAS ARTES ESCÉNICAS DE GALICIA

Rubén García (Ribadavia, 1951) dirixirá a próxima edición da Feira das Artes Escénicas de Galicia, que terá lugar na última semana do mes de outubro de 2007 en Santiago de Compostela, e que presentará novidades importantes na súa organización respecto a anos anteriores.

García, coordinador e director da Feira do Teatro de Galicia entre 1997 e 2003 e na actualidade director da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, ten como obxectivo central o de converter a Feira nun espazo de referencia transparente, dinámico e eficiente para a compravenda de espectáculos de artes escénicas en Galicia, cunha especial ligazón co mercado da Rede Galega de Teatros e Auditorios. Neste sentido, a Feira actuará como lugar de exhibición dos espectáculos producidos durante o exercicio en curso; e de contratación para a programación do seguinte, contribuíndo a ordenar o ciclo anual de produción-distribución.

No plano externo, preténdese posicionar progresivamente á

Feira como espazo de exhibición e contratación de espectáculos de artes escénicas da área da lusofonía, co que se busca dotar á cita galega dun carácter diferencial e atractivo para os programadores do resto do Estado. Deberá servir, igualmente, como elemento de promoción e difusión social das artes escénicas entre o conxunto da cidadanía e como lugar de encontro e debate para o conxunto dos axentes e profesionais do sector, contribuíndo a súa vertebración profesional.

Na edición de 2007 poderán amosar os seus espectáculos entre 27 e 28 compañías, seis delas de fóra de Galicia. No total de empresas galegas estarán as oito compañías de teatro de actor, as dúas de teatro de títeres e as dúas de danza con maior distribución na Rede durante o primeiro semestre do ano, así como as dúas compañías de nova creación con maior puntuación na convocatoria de axudas á actividade escénica. O resto de compañías que configuren o cartel da Feira serán seleccionadas mediante criterios artísticos por unha comisión nomeada ao efecto ■

A REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS ACOLLERÁ 328 FUNCÍONS ATÉ XUÑO

A programación do primeiro semestre de 2007 da Rede Galega de Teatros e Auditorios, acollerá un total de 328 funcións de teatro de actor, monicreques, maxia, música de cámara (cifra á que haberá que engadir as representacións de danza, actualmente en fase de difusión-contratación) nos escenarios de 45 concellos galegos. No caso do teatro galego (de actor e de títeres), distribuiranse 47 espectáculos de 37 compañías en 285 funcións, o que supón unha media de 8 ac-

tuacións por compañía e unha facturación de 743.617,80 €.

O presente calendario de programación vén marcado polo comezo na aplicación das novas normas de funcionamento da Rede, do que, tal como se comproba nos cadros seguintes, avanza nos obxectivos que se procuraban coa reforma deste circuíto de distribución escénica: un incremento do número de funcións, unha diminución no número de espectáculos, unha subida notable na cifra media de funcións por compañía e un aumento sensible na facturación respecto a semestres anteriores ■



TEATRO E MONICREQUES 1º SEMESTRE 2007 (Incluíndo espectáculos non galegos)

COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	FUNCÍONS
Sarabela Teatro	A gata con botas (Infantil)	4
	Cristovo e as marabillas(Infantil)	10
	Macbeth	3
	Magar no pazo do tempo	3
	TOTAL	20
Fulano, Mengano e Citano	Arte	12
	O faro	7
	TOTAL	19
Teatro de Ningures	Emigrados	6
	Misericordia	5
	Tartufo	6
	TOTAL	17
Lagarta Lagarta	As derradeiras lúas	18
Teatro do Noroeste	Imperial. Café cantante	9
	Romeo e Xulieta	4
	TOTAL	13
Teatro Galileo	O avaro	10
	Rosso profundo in punto di morte	3
	TOTAL	13
Mofa e Befa	Sempre ao lonxe	12
Teatro do Atlántico	A raíña da beleza de Leenane	8
	Memoria do 36	4
	TOTAL	12
Teatro do Morcego	O burgués fidalgo	11
A Factoría Teatro	Castróns. O baile	5
	Os homes só cantan ata tres	4
	TOTAL	9
Espello Cóncavo	Zardigot	9
Berrobambán	Buh!	9
La Imagina Machina	A viaxe de Efi	9
Nut Teatro	Corpos disidentes	8
Talia Teatro	O merlo branco	8
Migallas Teatro	E se o cantamos?	7
Nove Dous	Fora de xogo	7
Teatro Arca	Asesinos anónimos	7
Os Colombaiños	Os Colombaiños	6
San & San	Bar	6
Teatro Español	Romeo y Julieta	7
Teatro de la Luna	Ferdinando	6
Sala Yago	Merda	5
Tanttaka Teatroa	El florido pensil	5
Teatro del Andamio	Yepeto	5
Títeres en acción	Trastos vellos	5
Títeres Cachirulo	O libro da selva	5
Artello- Teatro Alla Scala	De fábula	5
Malasombra	Non é tan fácil	4
Máscara Prod.	Asalto de cama	4
Os Quinquilláns	A diáspora	4
Os Sete Magníficos máis un	O gordo e o calvo van ó médico	4
Teatro dos Tirinautas	O último chimpan	4
Titzina Teatre	Entrañas	4
Títeres Tropicallo	Nadarín	4
Teatro do Lilo	A lampariña de cristal	4
A Internacional	Perón, Perón	3
Ancora Prod.	Final de película	3
Caramuxo Teatro	Glub, Glub	3
Compañía do Chapito	O grande criador	3
Yllana Teatro	Pagagnini	3
Pablo Nojes e Párika	Qué pasa en la plaza III	3
Teatro de Adro	García	1
TOTAL FUNCÍONS		314

O MIDEM CONTARÁ POR VEZ PRIMEIRA CON PRESENZA INSTITUCIONAL GALEGA

A Consellería de Cultura e Deporte, a través do IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais), participará por vez primeira na vindeira edición da feira discográfica MIDEM, que se celebrará en Cannes, Franza, do 21 ao 25 de xaneiro de 2007, e na que estarán presentes 10 empresas galegas do sector.

Xunto á delegación institucional, recalarán no MIDEM representantes de Abada Xestión Cultural, Sons Galiza Música, Falcatrada Imaxe e Música S.L., Nordeésia, La Fábrica de Chocolate, Promociones Sin Fronteras, Ouvirmos, Cartafol, PAI Música e Zouma, o que constituirá unha oportunidade sen precedentes para a proxección exterior da nosa música.

Galicia amosará en MIDEM material promocional de diverso formato, unha guía de recursos da industria musical, e unha selección -realizada en soporte informático- de 50 temas de distintas formacións da música galega actual. O IGAEM colaborará ademais coa Radio Galega para o desprazamento a Cannes dun equipo da emisora pública que poida levar a cabo a transmisión de toda a información que xere o evento. ■

O IGAEM ADXUDICARÁ 1.569.800 € EN AXUDAS Á ACTIVIDADE ESCÉNICA E MUSICAL

O IGAEM adxudicará en 2007 un máximo global de 1.569.800 euros en axudas ao sector escénico e musical, contía coa que se apoiarán tanto as liñas de produción, distribución e promoción do teatro, a danza e a música de Galicia. Na actual convocatoria, que está previsto sexa publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) dentro deste xaneiro, introdúcese novidades importantes, como son a inclusión das empresas discográficas como destinatarias; ou o deseño de novas fórmulas de axudas (bianuais, para propostas participadas por varias compañías) dedicadas ao ámbito da escena.

Se o anterior 2006 foi o exercicio que marcou o punto de partida das novas liñas directrices da normativa reguladora das axudas e subvencións, o de 2007 será o do avance definitivo na consolidación desas mesmas ideas programáticas, mediante a revisión, para a mellora, dalgúns dos seus grandes criterios. Así, volven presidir as axudas ao sector aspectos como a potenciación das políticas públicas de fomento das artes escénicas mediante o incremento do esforzo investidor do IGAEM, a apertura das convocatorias de axudas e subvencións ás empresas e creadores do ámbito da danza, o tratamento do teatro e do conxunto das artes escénicas como industria cultural, a atención á creación de emprego estable e de calidade no sector, a valoración especial da creación de autores galegos actuais; e o apoio á distribución exterior da produción escénica.

Se o anterior 2006 foi o exercicio que marcou o punto de partida das novas liñas directrices da normativa reguladora das axudas e subvencións, o de 2007 será o do avance definitivo na consolidación desas mesmas ideas programáticas, mediante a revisión, para a mellora, dalgúns dos seus grandes criterios. Así, volven presidir as axudas ao sector aspectos como a potenciación das políticas públicas de fomento das artes escénicas mediante o incremento do esforzo investidor do IGAEM, a apertura das convocatorias de axudas e subvencións ás empresas e creadores do ámbito da danza, o tratamento do teatro e do conxunto das artes escénicas como industria cultural, a atención á creación de emprego estable e de calidade no sector, a valoración especial da creación de autores galegos actuais; e o apoio á distribución exterior da produción escénica.

Optimización de resultados

Xunto aos anteriores, introdúcese en 2007 algunhas modificacións para a optimización dos resultados que se obterán da adxudicación. Entre estas propostas de mellora destacan as seguintes:

- A introdución da figura das subvencións bianuais, co que se re-

basa o concepto de axuda á produción para dar paso ao concepto de axuda á actividade escénica, coa conseguinte contribución á estabilidade do tecido produtivo.

- A continuidade do esforzo orzamentario en materia de axudas á produción ou á actividade escénica, cuxa contía incrementábase nun 22%.
- A creación da figura dos proxectos conxuntos, que promoven a cooperación entre empresas de artes escénicas para a abordaxe común de proxectos de produción e distribución.
- A configuración definitiva das axudas á distribución como medida de fomento da proxección exterior da nosa produción escénica e musical.
- A desaparición das axudas á actividade universitaria e non profesional, que quedan integradas dentro das medidas de apoio e fomento da actividade escénica e musical da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural.
- A contabilización nos baremos das axudas á actividade escénica, cun peso máximo do 7% da puntuación global, dos niveis de asistencia e da avaliación da satisfacción dos públicos como criterios de baremación das solicitudes de subvención, introducindo a información sobre a resposta dos públicos como elemento de avaliación dos proxectos.

Modalidades e contías

As modalidades de axuda que comprende a convocatoria de 2007 son as que seguen:

A Axudas á actividade escénica (960.000 €).

Destinadas a fomentar a actividade escénica, en calquera das súas modalidades, por parte de compañías profesionais con sede na Comunidade autónoma de Galicia. Estas axudas á actividade escénica teñen por finalidade o mantemento e progresiva consolidación das empresas e/ou compañías profesionais de teatro e danza, e a mellora cualitativa dos espectáculos escénicos producidos na nosa comunidade autónoma. Comprenden os seguintes subapartados:

- a.1. Axudas a producións de nova creación: 60.000 euros.
- a.2. Axudas á actividade escénica no ámbito do teatro de actor e de títeres: 780.000 euros.
- a.3. Axudas á actividade escénica no ámbito da danza: 120.000 euros.

B Axudas á distribución (215.000 €).

A súa finalidade é promover a distribución exterior de espectáculos de artes escénicas producidos por empresas e/ou compañías profesionais galegas.

C Axudas ás dotacións e investimentos para a RGTA (120.000 €).

Están orientadas á mellora das dotacións técnicas dos recintos escénicos que conforman a Rede Galega de Teatros e Auditorios. Deberán basearse, entre outros, na mellora canto aos equipamentos escénicos, de iluminación e de son.

D Axudas a salas de teatro e artes escénicas privadas (120.000 €).

Buscan promover o desenvolvemento de programacións de artes escénicas por parte de salas e teatros de titularidade privada (de aforo non superior ás 300 prazas e con programación estable de espectáculos relacionados coas artes escénicas e exhibición escénica en xeral).

E Axudas para o asociacionismo profesional no ámbito das artes escénicas e musicais (90.000 €).

Perseguen a potenciación do asociacionismo profesional no ámbito das artes escénicas e musicais entre entidades sen ánimo de lucro de ámbito autonómico representativas das empresas e profesionais do teatro, da danza e da música.

F Axudas ao estudo e á investigación (64.800 €).

Están destinadas a fomentar a reciclaxe profesional e a formación especializada das persoas vinculadas á actividade da creación, produción, distribución e exhibición de espectáculos de teatro, danza e música, e promover a práctica profesional e a actividade investigadora.

As axudas para a asistencia a cursos especializados, congresos, xornadas e outras actividades formativas fóra de Galicia, concesión de bolsas de investigación para ámbitos temáticos concretos, axudas á práctica profesional (promoción exterior e marketing), ou residencias de danza tuteladas polo Centro Coreográfico Galego son algúns dos obxectos concretos desta modalidade.

Máis información na sección de Alertas (páxina 8) ■

ESTREA O 2 DE FEBREIRO DE «TARARÁ CHIS PUM», SEGUNDA PRODUCCIÓN DA TEMPORADA

O Centro Dramático Galego estreará o 2 de febreiro no Centro Cultural Caixanova de Vigo a súa segunda produción propia para a presente temporada, *Tarará-chis-pum*, unha creación colectiva de Artello Teatro supervisada por Rosa Hurtado e Santiago Montenegro. A montaxe, destinada especialmente a público familiar, ofrecerá tres funcións en Vigo (días 2, 3 e 4) e abrirá despois unha xira por distintas cidades e vilas de Galicia até o mes de abril.

Esta será a segunda versión de *Tarará-chis-pum*, xa que a primeira, realizada tamén por Artello, levouse a cabo en 1978 como o primeiro espectáculo profesional de teatro infantil feito en Galicia. A boa acollida que tivo por parte do público materializouse en 90 funcións e na súa prolongación en cartel até setembro de 1981, así como a súa distinción coa mención especial na primeira edición dos Premios da Crítica de Galicia en 1979.

En *Tarará-chis-pum*, unha compañía de actores contan a historia dun rapaz, pequeno aprendiz de pallaso que perde a risa na escola. Para atopala, emprenden unha viaxe fantástica que os levará a crear espazos como un mercado, o fondo do mar, o bosque ou mesmo a lúa. Tras dunha intensa busca,

a acción remata no circo, onde por fin o pallaso atopará a súa risa. Nesta viaxe, os actores (Anabell Gago, Avelino González, Bea, Fran Peleteiro, Manuel Polo e Noemi Rodríguez) darán vida a máis de corenta personaxes humanos, animais, vexetais e mesmo obxectos ■

O CDG TRAE AO SALÓN TEATRO AS COMPAÑÍAS PORTUGUESAS CIRCOLANDO E RUI HORTA

O Salón Teatro de Santiago de Compostela segue en xaneiro co desenvolvemento do calendario de programación deseñado polo CDG, no que, ademais de catro funcións de *Vacuo*, de Maruxa Salas, a cargo do Centro Coreográfico Galego (do 11 ao 14) acollerá os traballos das compañías portu-

guesas Circolando e Rui Horta.

O colectivo Circolando, que traballa desde Porto o xénero do teatro de movemento, representará os días 19 e 20 de xaneiro a *Quarto Interior*, unha montaxe que, con dirección de André Braga e dramaturxia de Claudía Figueiredo, recrea as paisaxes do soño. Os días 25 e 26 estará no escenario da Rúa Nova a compañía de danza de Rui Horta, co espectáculo *Bones & Oceans*, un solo que interpreta o bailarín Anton Skrzypiciel nunha posta en escena intimista, construída a partir de textos de Fernando Pessoa.

O CDG continuará paralelamente coa distribución de *O regreso ao deserto*, que en xaneiro visitará Ribadeo (día 7), Vigo (día 13) e Narón (día 19) ■

Cicolando

novidades

Anuario do Teatro Galego 2003 e 2004

Xosé Lueiro Lemos

IGAEM / ISBN: 978-84-453-4317-3 (84-453-4317-3) / PVP: 30 euros

Esta recompilación documental do feito teatral galego correspondente aos anos 2003 e 2004 recolle os datos dos diferentes axentes participantes, así como a produción de espectáculos, mostras, feiras e festivais, premios e bolsas, actividades formativas e publicacións ■

A dirección de actores

Daniel Salgado

Editorial Galaxia-IGAEM
Biblioteca de Teatro.
Serie Breviarios, nº 7
ISBN: 978-84-453-4342-5 (84-453-4342-4) / PVP: 10,50 euros

Salgado aborda as coordenadas básicas sobre as que se apoia a dirección de actores tales como a composición, os ensaios ou a dinámica de traballo nunha compañía teatral. A maiores da metodoloxía, este volume ofrece tamén as achegas de grandes nomes da dirección actoral, como Brecht ou Stanislavski ■

Introdución á linguaxe musical

Mónica Groba Lorenzo

Editorial Galaxia-IGAEM
Biblioteca de Teatro, Serie Manuais, nº8
ISBN: 978-84-453-4344-9 (84-453-4344-0) / PVP: 19,50 euros



Orientado á formación dos estudantes de Arte Dramática, este manual ofrece unha aproximación á linguaxe musical, destacando o tratamento das formas vogais e escénicas ■

Xestión de proxectos e produción de espectáculo

Francisco Oti Ríos


Editorial Galaxia-IGAEM / Biblioteca de Teatro. Serie Breviarios, nº 8
ISBN: 978-84-453-4343-2 (84-453-4343-2) / PVP: 10,50 euros.

Esta breviarío presenta unha visión xeral dos principais ámbitos de traballo que acompañan aos procesos de creación escénica, responsabilidade de diferentes axentes. As teorías e modelos de xestión nel expostos son aplicables tamén a outros actos de carácter cultural como exposicións ou actividades de grupos afeccionados, entre outros ■



02 MARTES	Berrobambán <i>Buh!</i> Lugo 18.30 h AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE					02 MARTES
03 MÉRCORES	Migallas Teatro <i>E se o cantamos?</i> O Carballiño 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL					03 MÉRCORES
04 XOVES	La Imagina Machina <i>A viaxe de Efi</i> Lugo 18.30 h AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE					04 XOVES
05 VENRES	Os Quinquilláns <i>A diáspora</i> Foz 19.30 h SALA BAHÍA					05 VENRES
06 SÁBADO						06 SÁBADO
07 DOMINGO	Teatro Español <i>Romeo y Julieta</i> Ourense 17.00 h/18.30 h TEATRO PRINCIPAL	Os Colomabaíños <i>Os Colomabaíños</i> A Coruña 17.30 h FORUM METROPOLITANO	CDG <i>O regreso ao deserto</i> Ribadeo 21.00 A. MUNICIPAL HERNÁN NAVAL			07 DOMINGO
08 LUNS	Teatro Español <i>Romeo y Julieta</i> Vilagarcía 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL					08 LUNS
11 XOVES	Teatro de Ningures <i>Tartufo</i> Pontevedra 20.30 h TEATRO PRINCIPAL			CCG <i>Vacuo</i> Santiago 20.30 SALÓN TEATRO		11 XOVES
12 VENRES	La Imagina Machina <i>A viaxe de Efi</i> Arteixo 20.30 h CENTRO CÍVICO CULTURAL	Teatro do Noroeste <i>Imperial Café Cantante</i> Narón 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL	Nut Teatro <i>Corpos disidentes</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	CCG <i>Vacuo</i> Santiago 20.30 SALÓN TEATRO		12 VENRES
13 SÁBADO	Nut Teatro <i>Corpos disidentes</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	Teatro do Atlántico <i>A raíña da beleza de Leenane</i> Ourense 20.00 h TEATRO PRINCIPAL	CDG <i>O regreso ao deserto</i> Vigo 20.30 CENTRO CULTURAL CAIXANOVA	CCG <i>Vacuo</i> Santiago 20.30 SALÓN TEATRO		13 SÁBADO
14 DOMINGO	La Imagina Machina <i>A viaxe de Efi</i> Ames 17.00 h CASA DA CULTURA DE BERTAMIRÁNS	Teatro do Atlántico <i>A raíña da beleza de Leenane</i> Ourense 20.00 h TEATRO PRINCIPAL			CCG <i>Vacuo</i> Santiago 18.00 SALÓN TEATRO	14 DOMINGO
19 VENRES	Sarabela Teatro <i>Cristovo e as marabillas</i> Arteixo 20.30 h CENTRO CÍVICO CULTURAL	Teatro do Atlántico <i>A raíña da beleza de Leenane</i> Muros 22.00 h CENTRO CULTURAL E XUVENIL	CDG <i>O regreso ao deserto</i> Narón 20.30 AUDITORIO MUNICIPAL	Caramuxo Teatro <i>Glub, Glub</i> As Pontes 18.00 h CASA DOPESO	Teatro Arca <i>Asesinos anónimos</i> O Barco 21.00 h AUDITORIO MUNICIPAL LAURO OLMO	19 VENRES
				SALÓN TEATRO	Circolando <i>Cuarto interior</i> 20.30 h	



20 SÁBADO	Teatro do Noroeste <i>Imperial Café Cantante</i> A Coruña 20.30 h TEATRO ROSALÍA DE CASTRO	Teatro de Ningures <i>Misericordia</i> Oleiros 20.30 h AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ	CDG <i>O regreso ao deserto</i> Narón 20.00 AUDITORIO MUNICIPAL		CCG <i>Vacuo</i> Vigo 20.30 CENTRO CULTURAL CAIXANOVA	Dúo Antón de Santiago-Alexis Díez <i>Recital lírico</i> Ortigueira 20.30 h TEATRO DA BENEFICENCIA	San&San <i>Bar</i> Sanxenxo 21.30 h CASA DA CULTURA EMILIA PARDO BAZÁN	SALÓN TEATRO Circolando <i>Cuarto interior</i> 20.30 h	20 SÁBADO	
21 DOMINGO	Talía Teatro <i>O merlo branco</i> Cambados 18.00 h AUDITORIO DA XUVENTUDE	Teatro do Noroeste <i>Imperial Café Cantante</i> A Coruña 19.00 h TEATRO ROSALÍA DE CASTRO			Teatro do Atlántico <i>A rainha da beleza de Leenane</i> San Sadurniño 19.30 h CASA DA CULTURA					21 DOMINGO
25 MÉRCORES	Teatro Arca <i>Asesinos anónimos</i> Monforte 20.15 h EDIFICIO MULTIUSOS									25 MÉRCORES
26 XOVES		A Factoría Teatro <i>Os homes só cantan ata tres</i> Ames 21.00 h CASA DA CULTURA DO MILLADOIRO	Teatro do Noroeste <i>Imperial Café Cantante</i> A Estrada 21.30 h TEATRO PRINCIPAL	Sarabela Teatro <i>Cristovo e as marabillas</i> Narón 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL	Teatro do Atlántico <i>A rainha da beleza de Leenane</i> Carballo 21.00 h PAZO DA CULTURA	Migallas Teatro <i>E se o cantamos?</i> Arteixo 20.00 h CENTRO CÍVICO CULTURAL	Títeres Cachirulo <i>O libro da selva</i> Sada 18.00 h CASA DA CULTURA PINTOR LLORÉNS	Teatro Arca <i>Asesinos anónimos</i> Vilagarcía 21.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	26 XOVES	
27 VENRES			Teatro Español <i>Romeo y Julieta</i> As Pontes 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL CINE ALOVI	Teatro do Noroeste <i>Imperial Café Cantante</i> Vigo 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL	Sarabela Teatro <i>Cristovo e as marabillas</i> Narón 20.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Teatro de Ningures <i>Tartufo</i> Vilalba 20.30 h AUDITORIO CARMEN ESTÉVEZ				27 VENRES
28 SÁBADO			Teatro Español <i>Romeo y Julieta</i> Carballo 19.30 h PAZO DA CULTURA	Teatro do Noroeste <i>Imperial Café Cantante</i> Vigo 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL	Berrobambán <i>Buh!</i> Vigo 18.00 h CENTRO CULTURAL CAIXANOVA	Teatro do Atlántico <i>A rainha da beleza de Leenane</i> Betanzos 20.30 h AULA MUNICIPAL DE CULTURA				Teatro Arca <i>Asesinos anónimos</i> A Coruña 19.00 h FORUM METROPOLITANO

REXISTRO DE DATOS: XANEIRO-NOVEMBRO 2006

Compañías	Funcións	Espectadores/ función	Facturación/ función
10&10 Danza	2	256,00	229,80
A Factoría Teatro	12	171,75	582,09
A Roda	1	250,00	0,00
Abe Rábade Jazz	2	38,00	122,50
Anacaona Latin Jazz	3	68,67	48,00
Ancora Producións	12	142,33	468,49
Andrómena Teatro	1	146,00	774,00
Antonio Romaris	1	400,00	0,00
Arela das Artes	1	34,00	110,00
Armonía Universal	1	79,00	117,00
Arrieritos	2	268,50	2.282,20
Arte en Parte	1	67,00	111,00
Artello-Teatro Alla Scala 1:5	7	182,43	303,93
Art-Monium	1	174,00	834,00
B.B. Producións	1	62,00	114,00
Balea Branca	2	83,00	216,70
Batuko Tabanka	1	73,00	77,40
Berrobambán Teatro	1	457,00	1.772,00
Berrogüetto	1	600,00	0,00
BStudio	1	20,00	60,00
Bucanero & Eme2 Producións	4	44,00	159,75
Campo de Estrelas	1	275,00	0,00
Caramuxo Teatro	8	216,50	228,06
Carlos Segovia	1	21,00	55,00
Carmen Rey	1	23,00	101,00
Casahamlet	1	41,00	194,00
Charo Pita-Manuel Vilas	1	49,00	30,00
Chrystyan Magic	3	243,67	160,33
Compañía Cuarta Pared	3	175,33	701,93
Coruña Brass	2	33,50	17,50
Creacións Máxicas	3	249,67	613,33
Cuarteto Agógica	1	45,00	0,00
Cuarteto de Corda da			
Orquestra Solistas de Galicia	1	250,00	0,00
Cuarteto de Cordas Presto	1	56,00	0,00
Cuarteto Ephimere	2	24,00	75,00
Daniela Stagnitto	1	51,00	0,00
Date Danza	1	106,00	264,00
Disque Danza	1	7,00	35,00
Distrito Latino	2	32,00	97,25
Doa	1	150,00	0,00
Druída Danza	2	208,50	1.949,30
Estíbaliz Espinosa	1	50,00	39,00
Estíbaliz Espinosa e Rupert Twine	1	33,00	34,50
Experimenta Danza	5	127,60	190,68
Expresións Producións	2	114,00	217,00
Fía Na Roca	1	500,00	0,00
Fulano, Mengano e Citano	18	150,28	435,21
Il Vecchio Borgo	2	28,00	30,50
Inquedanza	2	297,00	175,00
Javier Muro	5	255,20	155,40
Jazz Vides Quarter	1	53,00	106,00
Jazzic Duetto	1	125,00	0,00
John Aigi	1	96,00	12,00
La Zaranda	1	380,00	1.050,00
Lagarta Lagarta	27	180,56	544,58
LaSal Teatro	4	126,25	76,25
Leilia	1	262,00	770,00
Los Figaros	1	260,00	0,00
Ludus Tonalis	1	100,00	0,00
Mago Richard	2	157,50	115,00
Maqui Mira	1	84,00	413,00
Marco González Tango Argentino	2	340,50	109,50

COMPAÑÍAS

Máscara Producións	2	67,50	187,50
Matarile Teatro	1	56,00	446,00
Migallas Teatro	8	209,13	123,83
Miki Nervio & The Bluesmakers	5	66,00	42,04
Modern Mozart	1	123,00	0,00
Mofa e Befa	11	195,45	568,22
Mondello Quarter	1	111,00	159,00
Monkillos	1	26,00	16,00
No Ceo	1	7,00	35,00
Nova Galega de Danza	2	168,50	561,40
Nova Galega de Danza II	2	301,50	3.765,20
Nove Dous	8	90,00	99,99
O Mago Teto	1	227,00	272,40
Orquestra de Cámara Solistas de Galicia	1	23,00	115,00
Os Cempés	2	650,00	0,00
Os Monicreques de Kukus	7	166,57	92,00
Os Quinquilláns	2	266,50	23,00
Os Sete Magníficos Máis Un	1	87,00	205,00
Oscar Ibáñez	1	180,00	180,00
Pablo Nojes e Páprika	7	235,71	30,00
Patás Arriba	1	24,00	131,00
Pallaso Popín	2	240,00	0,00
Pepe Hevia	1	76,00	523,70
Pifano Teatro	1	293,00	582,00
Pisando Ovos	2	145,00	111,00
Quinteto de Vento Pentaфонía	1	74,00	16,00
R. T. A.	20	417,55	2.601,93
Roberto Somoza	1	70,00	0,00
Rosa Cedrón	1	600,00	0,00
Sala Yago	7	173,00	71,57
San&San	4	70,50	239,53
Santart	11	83,00	142,42
Sapristi	13	128,77	158,69
Sarabela Teatro	32	173,41	352,94
Sexteto de Corda No Mar	1	135,00	0,00
Sol de Farofa	1	8,00	33,00
Italia Teatro	11	128,91	420,07
Talytakumy	1	110,00	260,00
Tamara Lorenzo	1	126,00	124,00
Tanxarina Titeres	3	328,67	0,00
Tarabuleque Teatro	1	160,00	385,00
Teatro Bruto	2	415,00	0,00
Teatro Buratini	11	180,55	78,64
Teatro Cachuzo	4	59,50	91,75
Teatro de Adro	4	80,00	198,25
Teatro de Marionetas Trécola	2	225,00	0,00
Teatro de Ningures	15	111,60	289,10
Teatro del Andamio	10	118,00	139,30
Teatro del Noctámbulo	1	49,00	190,00
Teatro do Aquí	6	171,83	450,17
Teatro do Atlántico	20	93,75	196,06
Teatro do Morcego	14	100,93	276,75
Teatro do Noroeste	15	113,00	436,72
Teatro dos Tirinautas	2	141,00	99,70
Teatro Galileo	5	215,60	361,10
The Pinga Teatro	5	121,00	376,60
Thiossane	1	400,00	0,00
Titeres Cachirulo	7	151,14	65,43
Titeres Cascanueces	3	147,33	67,67
Titeres Falcatrúa	6	179,83	59,00
Titeres Trompicallo	2	104,50	140,40
Tres Globos	1	250,00	150,00
Trío Cubano Sabrosura	1	400,00	0,00
Viravolta Titeres	5	477,20	0,00
Vocalise	2	79,00	0,00
Volta e Dalle Teatro	4	78,00	145,50
Xabier Díaz	1	52,00	50,40
Xirriquiteula Teatre	7	155,43	168,14
TOTAIS	512	166,23	374,51

CONCELLOS E ENTIDADES

Concellos e entidades	Funcións	Espectadores/ función	Facturación/ función
A Coruña	15	179,60	1.354,10
A Estrada	9	160,78	376,89
Ames	8	62,63	111,00
Arteixo	11	153,82	154,47
As Pontes	10	93,60	99,48
Betanzos	7	141,57	283,14
Boiro	6	166,17	66,00
Burela	5	275,60	69,20
Cambados	10	209,80	213,45
Cangas	12	146,83	446,00
Carballo	10	251,00	569,90
Cariño	10	137,40	103,60
Cedeira	5	51,00	115,20
Cee	9	132,67	190,89
Culleredo	6	147,17	0,00
Ferrol	11	161,36	937,27
Foz	13	118,08	0,00
Gondomar	12	203,42	252,83
Lalín	8	113,00	131,50
Lugo	13	252,77	881,23
Monforte de Lemos	8	249,75	271,88
Muros	10	88,30	131,65
Narón	12	221,92	1.082,37
Noia	5	143,00	481,80
O Barco de Valdeorras	9	101,22	199,78
O Carballiño	11	110,27	210,55
Oleiros	7	173,71	432,86
Ortigueira	5	127,40	67,32
Ourense	14	96,79	677,74
Ponteareas	10	286,90	354,60
Pontevedra	21	311,48	450,67
Redondela	9	248,78	690,40
Ribadeo	17	150,53	321,94
Sada	18	70,22	26,56
San Sadurniño	14	142,29	71,04
Santiago de Compostela	20	161,25	679,08
Sanxenxo	7	117,86	226,57
Silleda	8	378,75	66,75
Tui	7	370,43	887,71
Vigo	30	75,43	194,27
Vigo (Caixanova)	12	298,75	1.633,08
Vilagarcía de Arousa	33	147,09	58,45
Vilalba	12	173,17	414,85
Vilanova de Arousa	7	71,86	0,00
Viveiro	10	180,90	309,90
Xove	6	106,50	0,00
TOTAIS	512	166,23	374,51

TOTAIS

FUNCIONs	512
PÚBLICO	85.112
OCUPACIÓN	49,94%
FACTURADO	191.750,70 €

